

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 22 DE FEBREIRO DE 2024, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

#### **DECRETOS**

##### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello do Grove duns treitos antigos da estrada EP-9101.

#### **ACORDOS**

##### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se autoriza superar a porcentaxe de pagamentos anticipados no convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración da Xunta de Galicia e a Federación Venezolana de Galicia (FEVEGA) para o mantemento de oficinas de información e asesoramento dirixidas a persoas emigrantes retornadas a Galicia por importe de cincuenta mil euros (50.000,00€).

##### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da Addenda ao convenio de adhesión e achega asinado o 26 de xuño de 2013, entre a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e Pymaval Garantías, S.A.U.

##### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FP E UNIVERSIDADES**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e as dioceses da Comunidade Autónoma de Galicia para intervencións no patrimonio artístico de titularidade eclesiástica no ano 2024, por importe de trescentos cincuenta mil euros (350.000,00€) e se lle autoriza a exención ao beneficiario da obriga de constituír a garantía nos pagamentos á conta que se prevén no referido convenio.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega das Industrias Culturais para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como a eximir da obriga de constituír garantías ás persoas obrigadas na Resolución pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións para laboratorios, incubadoras e residencias de creación ou desenvolvemento de proxectos audiovisuais, e se convocan para o ano 2024, por un importe total de douscentos mil euros (200.000,00€).

### **CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE**

- Acordo polo que se toma razón do balance de resultados da Orde do 28 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para apoiar iniciativas de emprendemento e se procede á súa convocatoria para a anualidade 2023.

## INFORMES

### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Informe sobre a primeira resolución de concesión de subvencións ao abeiro da Resolución do 10 de novembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, das subvencións a proxectos tractores para o turismo na contorna do Camiño de Santiago, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria como expediente anticipado de gasto para os anos 2024 e 2025, por un importe total de catro millóns de euros (4.000.000 €).

### **CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Informe sobre as actuacións da Xunta de Galicia para incentivar e fomentar a prestación de servizos financeiros básicos no rural.
- Informe sobre a formación da EGAP en e-Administración, ciberseguridade, competencias dixitais e intelixencia artificial.

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN**

- Informe sobre os resultados das convocatorias do ano 2023 dos programas de Centros de Fabricación Avanzada e Centros Dixitais.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELLERÍA DO MAR

- Informe executivo dos proxectos para a protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades pesqueiras sustentables mediante a recollida de residuos mariños entre os anos 2020 e 2023.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APROBA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DO GROVE DE 4 TREITOS ANTIGOS DA ESTRADA PROVINCIAL QUE COMUNICA O CENTRO URBANO COA IGREXA DE SAN VICENTE**

- Trátase de catro treitos antigos da EP-9101, na marxe esquerda da vía provincial, que suman en total 513 metros lineais
- Transfírense á entidade local os treitos da vía ao seu paso por Franqueira, Bazoteiro, Carracedo de Abaixo e Pradiño
- Co cambio de titularidade o concello terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello do Grove de catro treitos antigos da estrada provincial EP-9101, que comunica o centro urbano do municipio coa igrexa de San Vicente.

Trátase de catro treitos antigos da EP-9101, na marxe esquerda da vía provincial, que suman en total 513 metros lineais. En concreto, transfírense os treitos situados nos puntos quilométricos 0+630, 1+160, 1+990 e 2+300, ao seu paso por Franqueira, Bazoteiro, Carracedo de Abaixo e Pradiño, respectivamente.

O Concello do Grove e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron un convenio no que estableceron a obriga da entidade municipal de solicitar a transferencia de titularidade destas vías.

A Axencia Galega de Infraestruturas, vistos os informes emitidos polos servizos competentes, formulou a proposta favorable á transferencia de titularidade destes catro treitos antigos da estrada provincial EP-9101.

A transferencia a prol do Concello do Grove tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.


O departamento de Infraestruturas da Xunta ten, entre as súas funcións, a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello do Grove terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Plano dos treitos da vías provinciais obxecto do cambio de titularidade autorizado hoxe:



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O CONSELLO AUTORIZA O ACORDO COA FEDERACIÓN VENEZOLANA DE GALICIA QUE FACILITARÁ O MANTEMENTO DAS OFICINAS DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO AOS RETORNADOS**

- Ao longo do ano pasado, Fevega asesorou máis de 3.000 galegos retornados e as súas familias en diversas cuestións, tanto de xeito telemático como presencial
- A Federación Venezolana de Galicia é unha agrupación de asociacións sen ánimo de lucro e de ámbito autonómico que naceu en 2009, co obxectivo de apoiar os seus asociados nos seus ámbitos de actuación e desenvolver accións de atención aos emigrantes retornados no seu proceso de integración

O Consello da Xunta autoriza a asina dun novo convenio coa Federación Venezolana de Galicia (FEVEGA) que facilitará o mantemento das oficinas de información e asesoramento, tanto na provincia de Pontevedra como de Ourense, así como unha, a maiores, itinerante, dirixidas a persoas emigrantes retornadas en Galicia. O importe da colaboración será de 50.000 euros.

A colaboración con esta entidade posibilita a información a retornados, así como a execución de actividades formativas de acollida, completando a acción das oficinas de asesoramento e seguimento da propia Secretaría Xeral da Emigración en Vigo, no resto da provincia de Pontevedra e na de Ourense, e unha oficina itinerante que visita os distintos concellos de Galicia.

A Federación Venezolana de Galicia, que conta con máis de 4.100 socios en Galicia, é unha agrupación de asociacións sen ánimo de lucro e de ámbito autonómico que naceu en 2009, co obxectivo de apoiar os seus asociados nos seus ámbitos de actuación e desenvolver accións de atención aos emigrantes retornados no seu proceso de integración social, laboral e cultural en Galicia. O seu labor de información xurdiu en 2017 da man da Xunta de Galicia, atendendo, xa desde o seu inicio, a 16.000 de usuarios.

Ao longo do ano pasado, Fevega asesorou máis de 3.000 galegos retornados e as súas familias en diversas cuestións, tanto de xeito telemático coma presencial

A través deste convenio, Fevega comprométese a manter este labor de información e asesoramento, así como ofrecer un servizo integral e completo aos emigrantes retornados, prestar orientación e asesoramento xurídico se o necesitan, apoialos no cumprimento dos trámites necesarios nas súas relacións coas administracións públicas, proporcionarlles apoio e acompañamento e facilitarlles toda a información que lle sexa requirida pola Comunidade Autónoma. Ademais, tamén deben ofrecer un servizo de información itinerante por toda Galicia.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA ESTENDE A CONCESIÓN DE GARANTÍAS A TODA A CADEA DE VALOR DO NAVAL INCLUÍNDO ESTALEIROS, EMPRESAS E ARMADORES**

- Ata o momento o Fondo de Garantías Navais, impulsado no seu día xunto a Pymaval, atendía a construción de buques, adaptándose agora a outros eidos na procura de optimizar e facer un uso máis eficiente dos recursos e promover un maior número de operacións
- O obxectivo principal é apoiar o sector naval galego facilitando a transformación de toda a súa cadea de valor para incrementar a súa sustentabilidade ambiental, a súa eficiencia enerxética e o seu nivel de dixitalización
- Xunto coas operacións para a construción, reparación, modernización e transformación de buques, garantíranse tamén as relativas a artefactos flotantes, que inclúen, entre outras, as plataformas fixas para proxectos de enerxía renovable

O Consello da Xunta coñeceu hoxe das novas condicións do Fondo de Garantías Navais que desde hai anos impulsa, a través dun convenio de colaboración, o Goberno galego xunto a Pymaval. A través dunha addenda ao convenio que ten por obxecto modificar as normas de funcionamento do Fondo, o novo acordo fará extensible a concesión de garantías a toda a cadea de valor da industria, incluíndo deste xeito tanto estaleiros como empresas e armadores.

O obxectivo principal desta modificación é, polo tanto, adaptar esta ferramenta do Fondo de Garantías Recíprocas na procura de facer un uso máis eficiente dos seus recursos, promovendo un maior número de operacións e apoiando, así, o crecemento do conxunto da cadea de valor do sector naval.

Neste sentido, cómpre salientar que, ata o de agora, o fondo atendía á construción de buques, polo que a ampliación nesta concesión de garantías a toda a cadea de valor beneficiará distintas empresas da industria naval galega, contribuíndo a incrementar a súa sustentabilidade ambiental, a súa eficiencia enerxética e o seu nivel de dixitalización.

Así, co novo acordo garantíranse, ademais das operacións para a construción, reparación, modernización e transformación de buques, estas mesmas actuacións no relativo a artefactos flotantes, incluíndose aquí tanto os navais como as plataformas fixas para proxectos de enerxía renovable, así como os compoñentes e servizos para a súa construción, reparación, modernización ou transformación.

Así mesmo, mellóranse os límites das garantías que se poden conceder con cargo a este fondo. Neste sentido, en función da tipoloxía de proxectos e entidades garantidas, o límite máximo de risco afianzado pasa do 30 % ao 50 %, mentres que a duración máxima das garantías de financiamento a armadores se incrementa dos 12 ata os 15 anos.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA INCREMENTA UN 40 % A COLABORACIÓN COAS DIOCESES PARA A CONSERVACIÓN DUNHA DUCIA DE IGREXAS

- O Consello da Xunta autoriza a renovación do convenio dotado con 350.000 euros, para sufragar pequenas actuacións de protección, conservación e rehabilitación
- Actuarase en igrexas nas localidades de Manzaneda, Xove, Agolada, Palas de Rei, Samos, Sober, Calvos de Randín, Verín, Maside, A Coruña, Outes e Salvaterra de Miño

O Consello da Xunta aprobou hoxe a renovación do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e as dioceses galegas para contribuír a pequenas actuacións de conservación en mantemento dunha ducia de igrexas parroquias da súa titularidade que forman parte do patrimonio cultural de Galicia. Trátase dun acordo que este ano se incrementa un 40 % ata chegar aos 350.000€ para realizar intervencións de protección, conservación e rehabilitación nestes bens patrimoniais ao longo do ano.

Deste xeito, a Diocese de Lugo recibirá unha achega de 86.100€, o que supón o 26,6 % do total, mentres que a de Santiago contará con 75.250€ (o 21,5 %), a de Ourense 66.150 (18,9 %), a de Mondoñedo-Ferrol 55.300€ (o 15,8 %), a de Tui-Vigo 44.450€ (o 12,7 %), e a de Astorga 22.750€ (o 6,5 %).

Así, ao abeiro deste convenio, na diocese de Lugo intervírase nas igrexas de San Pedro de Merlín, na Agolada; na de Santa María de Marzá, en Palas de Rei; na de San Salvador de Figueiroá, en Sober, e na de Santa María de Montán, en Samos. No caso das tres primeiras, a actuación está dirixida a reparar a cuberta, mentres que na última levaranse a cabo obras tanto no exterior como no interior do templo.

Na Arquidiocese de Santiago, pola súa banda, o orzamento destinarase a realizar obras de mantemento e reparación na capela do sanatorio de Labaca, na Coruña, e a actuacións de conservación e mantemento na igrexa de San Pedro, en Outes. En Ourense está previsto cambiar a cuberta e actuar nas carpintarías das igrexas de San Vicenzo de Lobás, en Calvos de Randín; de Santa María de Feces de Cima, en Verín, e de Santa María de Louredo, en Maside.

A achega para a Diocese de Mondoñedo-Ferrol destinarase integramente a renovar a cuberta e o pórtico da igrexa de San Miguel de Regueira, no concello de Xove, mentres que no caso da de Tui-Vigo o orzamento servirá para realizar obras de consolidación da cuberta da capela do templo parroquial de San Paio de Alxén, en Salvaterra de Miño. Por último, a Diocese de Astorga dedicará a achega a actuacións de consolidación estrutural e acondicionamento da igrexa de Soutipedre, en Manzaneda.

#### **Colaboración estable**

O convenio renovado hoxe polo Consello da Xunta forma parte do compromiso do Goberno galego coa conservación do patrimonio cultural de todo o territorio e enmárcase na colaboración estable que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades mantén coas dioceses galegas para a posta en valor dos seus bens máis senlleiros. Así se reflicte no incremento do 7 % nas contas destinadas a



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ampliar o alcance do traballo feito nos últimos anos e a seguir coidando, preservando e mantendo a riqueza cultural de Galicia nas mellores condicións.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA PON EN VALOR A NOVA LIÑA DE SUBVENCIONS DA XUNTA PARA INCUBADORAS E RESIDENCIAS AUDIOVISUAIS CUN INVESTIMENTO DE 200.000 EUROS**

- Salienta que se suma de xeito extraordinario ao programa de axudas ao sector para 2024, a través do cal a Consellería de Cultura, Educación Formación Profesional e Universidades investirá máis de 5,8 millóns de euros nas diferentes fases do proceso audiovisual
- Apoiarase a organización, por parte de entidades privadas, de encontros de formación e asesoramento que contribúan á creación e desenvolvemento de novos proxectos de cinema e televisión coa solidez necesaria cara á súa futura produción

O presidente do Goberno galego en funcións, Alfonso Rueda, puxo en valor a decisión hoxe do Consello da Xunta de aprobar as bases dunha nova liña de axudas dirixida ao audiovisual galego. Segundo concretou, contará cun investimento de 200.000 euros para que entidades privadas da Comunidade organicen laboratorios, incubadoras ou residencias para "a formación e o asesoramento" tanto na creación como no desenvolvemento de novos proxectos para cinema e televisión. "Queremos que destes espazos saian proxectos sólidos e de calidade", defendeu.

Rueda explicou que esta nova liña de axudas se suma de xeito extraordinario ao programa de axudas ao sector para 2024, a través do cal a Consellería de Cultura, Educación Formación Profesional e Universidades investirá "máis de 5,8 millóns de euros" nas diferentes fases do proceso audiovisual, en referencia á preproducción e ás rodaxes e inclúe tamén a promoción de festivais e a comercialización das obras.

O mandatario galego en funcións salientou que cultura galega está vivir "un gran momento". "E un bo exemplo é o audiovisual", argumentou ao respecto, ao tempo que fixo fincapé en que películas e series creadas en Galicia están a acadar "éxito". "E isto redonda na economía da comunidade e permite crear Marca Galicia polo mundo adiante", enxalzou.

Esta nova liña de axudas entronca nos seus obxectivos coa tamén nova convocatoria para a escrita de guións e coas dirixidas á promoción do talento audiovisual galego e ao desenvolvemento de proxectos, todas elas centradas na fase previa á rodaxe dos filmes ou series. No caso do apoio a laboratorios e residencias, búscase contribuír á xestación e mellora de novas propostas para garantir a calidade e a solidez necesarias no seu camiño á fase de produción e, xa que logo, a súa viabilidade artística, técnica e financeira.

#### **Axudas de ata 50.000 euros**

As bases establecen unha porcentaxe de axuda de ata o 80 % do orzamento subvencionable, cun límite de 50.000 euros por encontro, para financiar diferentes gastos relativos á organización de laboratorios, incubadoras ou residencias desenvolvidas no período que vai desde a data de publicación da convocatoria ata o 15

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de agosto de 2025. Entre outros requisitos, deben contar cunha edición xa celebrada na que participasen, cando menos, dous proxectos de creación e/ou produción galega.

Para a súa concesión, en réxime de concorrència competitiva, establécese un baremo de valoración que, entre outros aspectos, primará tanto o número de propostas galegas incluídas na edición inmediatamente anterior como a porcentaxe que se lles reserva naquela para a que se solicita a subvención. Tamén se terá en conta a porcentaxe reservada especificamente a proxectos de autoría feminina.

### **En liña co Hub audiovisual**

Con esta convocatoria continúaase a estratexia global de apoio ao sector audiovisual galego durante 2024, seguindo cunha dinámica que tivo unha especial incidencia durante o pasado trienio 2021-2023 a través do Hub Audiovisual - Industria Cultural Galega. Este programa, deseñado e desenvolvido pola Xunta cunha dotación de 9,6 M€, supuxo un impacto de máis de 32 M€, cun retorno de case que catro euros por cada euro investido.

Así se reflectiu no informe de resultados económicos realizado por un grupo investigador da Universidade de Santiago de Compostela (USC), no que destacan especialmente as cifras derivadas das dúas convocatorias para a atracción de rodaxes ao territorio galego.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APOIA CON 7 M€ INVESTIMENTOS DE PRETO DE 900 INICIATIVAS DE EMPRENDEMENTO NO TRABALLO AUTÓNOMO, NAS PEMES E NA ECONOMÍA SOCIAL**

- O Consello da Xunta informou hoxe sobre a resolución da segunda convocatoria deste programa de axudas da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade
- Os apoios máximos foron de ata 30.000 euros e estiveron dirixidos a financiar gastos en equipamento informático, melloras da eficiencia enerxética, adquisición de mobiliario, reforma e/ou habilitación de locais ou compra de equipamentos de segunda man para o negocio, entre outros

O Consello da Xunta informou hoxe do resultado das axudas da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade de 2023 dirixidas a apoiar o emprendemento no traballo autónomo, nas pequenas e medianas empresas (pemes) e na economía social. En total, concedéronse apoios por valor de 7 millóns de euros para sufragar investimentos de preto de 900 iniciativas emprendedoras (855).

É o segundo ano consecutivo que se convoca esta liña de apoios ao emprendemento, para axudar cos investimentos desenvolvidos polas iniciativas empresariais máis recentes e contribuír a mellorar a súa competitividade.

Destas axudas, cun mínimo de 3.000 euros para o mínimo investimento financiable (de 5.000 euros) e dun máximo de 30.000 euros (100.000 euros), beneficiáronse pemes, persoas traballadoras autónomas, sociedades cooperativas e laborais, empresas de inserción e centros especiais de emprego, que iniciasen a súa actividade desde o 1 de xaneiro de 2021 (ou máis tarde) e permanezan en activo.

Outorgáronse apoios para financiar investimentos xa realizados (debidamente xustificados mediante factura) en equipamento informático, melloras da eficiencia enerxética, adquisición de mobiliario, reforma e/ou habilitación de locais ou adquisición de equipamentos de segunda man para o negocio, entre outros.

Con esta iniciativa, a Xunta mantén o seu compromiso co impulso das iniciativas de emprendemento, contribuíndo ao incremento da súa actividade económica e competitividade, e ao mantemento de empregos de calidade.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA APOIA CON 1,8M€ O PROXECTO QUE REHABILITARÁ E DOTARÁ DE ÁREA DE RESTAURACIÓN O MOSTEIRO DE OIA, NO CAMIÑO PORTUGUÉS DA COSTA

- A iniciativa é a primeira das beneficiarias da liña de axudas para a creación de establecementos turísticos en emprazamentos senlleiros do Camiño de Santiago
- Esta orde de subvencións está incluída no marco do Plan Xacobeo Next Generation e mantén aberto o prazo de solicitudes para novas iniciativas ata o 18 de marzo

O Consello da Xunta informou hoxe da primeira resolución da liña de axudas para a creación de establecementos turísticos en emprazamentos senlleiros do Camiño de Santiago no marco do Plan Xacobeo Next Generation. Este primeiro proxecto autorizado é o que foi presentado o pasado mes de novembro pola empresa Residencial Mosteiro de Oia, SA, que suporá dotar ao Mosteiro de Oia de restaurante e que compatibiliza a creación desta oferta de restauración coa posta en marcha dun proxecto cultural dinamizador do turismo na contorna.

O proxecto conta cunha axuda de 1,8M€ (o 80% do investimento necesario) que sufragará, entre outras accións a reforma e rehabilitación do sistema envolvente e estrutural, así como da contorna e sistema de instalacións, mellora de carpinterías, cubertas e envolvente. Tamén se inclúen actuacións de mellora en instalacións de iluminación e control, sistemas con contribución renovable, mellora de accesibilidade, entre outras.

A intervención sitúase no ámbito do Mosteiro de Oia, sito no Concello de Oia, Pontevedra no Camiño Portugués da Costa. A chegada ao restaurante realizarase desde o Patio de Armas, mediante o acceso existente na praza fronte ao atrio de la Iglesia, o paseo polo Patio de Armas, con vistas á costa de Oia e ao Mosteiro finaliza no Patio de Oficinas, desde onde se accederá ao corpo principal do restaurante: a antiga enfermería.

Na planta baixa, a antiga enfermería será reconfigurada para albergar a recepción do restaurante, a zona de bar do restaurante e dous aseos adaptados para persoas con discapacidade. Estes últimos estarán precedidos por un vestíbulo que proporciona un acceso adecuado e con dobre porta. No semisoto, accederase a unha zona que permite o recoñecemento dos antigos muíños de gravidade, servindo como anexo ao espazo superior. Este espazo semisoto conta con xanelas que ofrecen vistas ao río Lavandeira e presenta un patio no seu testero oeste.

#### **Proxecto rematado en 2025**

Na entreplanta, situada directamente sobre a planta baixa, crearase unha nova terraza vexetal orientada cara ao océano, desde a cal se poderá gozar da posta de sol. A nave norte, situada na zona do Patio dos Naranjos, albergará o comedor principal do restaurante. Entre o corpo da antiga enfermería e a nave norte configurarase o espazo destinado á cociña, con accesos que conectarán ambos os espazos.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Desde o patio de oficinas, na Panda Norte do Claustro, situarase un espazo de consigna para os traballadores con acceso independente, así como os vestiarios e baños para o persoal. Como se establecía nas bases, a creación do establecemento turístico vai unida á posta en valor e mellora ou rehabilitación dun ben de interese cultural (BIC). Neste caso o novo establecemento leva aparelada a rehabilitación do Mosteiro de Oia. Tamén se requiría que, polo menos un 80 % da capacidade temporal ou espacial anual destinárase a fins culturais. Neste caso concreto a visita pública será todo o ano, de martes a domingo, en horario 11:00 –13:00 h e 16:00 –18:00 h. A empresa deberá ter as obras acabadas o 31 de outubro de 2025.

Dado que o prazo de presentación de solicitudes para esta liña de axudas remata o 18 de marzo e que o orzamento da convocatoria é de 4 millóns de euros, aínda poden presentarse novas solicitudes que serán resoltas por orde de entrada, ao tratarse dunha convocatoria de concorrencia non competitiva. A liña de axudas diferencia dous tipos de proxectos: os que fomenten a competitividade e sustentabilidade turística en establecementos senlleiros e os que busquen dinamizar o turismo cultural coa posta en valor de Bens de Interese Cultural. En ambos casos levará asociado a creación de novos establecementos que poden ser de aloxamento ou de restauración (restaurantes, cafeterías ou bares) e que estean situados en concellos do Camiño de Santiago. Tamén en ambos casos as axudas van dirixidas a pequenas, medianas ou grandes empresas.

### **Plan Xacobeo Next Generation**

Esta liña de subvencións enmárcase nos distintos proxectos que a Xunta de Galicia está facendo realidade cos fondos europeos que foron asignados á Comunidade galega co Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia da Unión Europea. En concreto, forma parte dos 39,2M€ -dos que a Xunta xestiona directamente máis de 31M€- cos que se puxo en marcha o Plan Xacobeo Next Generation. Ademais desta liña de axudas, este plan inclúe a sinalización da rede cicloturística Eurovelo, que está en execución ou o proxecto de revalorización da Ruta Traslatio, en execución. Este Plan Xacobeo Next Generation comprende tamén a rehabilitación de 12 BIC do Camiño de Santiago.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### MÁIS DE 51.000 PERSOAS ESTÁN A BENEFICIARSE DO ACCESO AOS SERVIZOS FINANCEIROS NO RURAL IMPULSADO POLO GOBERNO GALEGO

O Consello da Xunta avaliou hoxe o resultado das actuacións levadas a cabo para incentivar e fomentar a prestación de servizos bancarios nas zonas rurais

Máis de 51.000 galegos e galegas están a beneficiarse do acceso aos servizos financeiros impulsado polo Goberno autonómico en colaboración con 41 concellos do rural. Eses municipios contan agora cun caixeiro automático operativo para facilitar atención financeira ao cidadán. A instalación dos caixeiros complétase con servizos de formación e asistencia financeira.

Esta iniciativa fai fronte á problemática que supoñía o acceso aos servizos bancarios no rural, co obxectivo de evitar a exclusión financeira e promover que toda a poboación galega, con independencia do seu lugar de residencia, tivese acceso aos servizos financeiros.

Deste xeito, desde que se puxo en marcha, no ano 2022, realizáronse máis de 272.000 operacións nos caixeiros, impartíronse 23 actividades formativas en materia financeira, e prestáronse 284 servizos de asistencia financeira.

A retirada de efectivo é, con moita diferenza, a operación máis recorrente, tres de cada catro operacións que se realizan son deste tipo o que demostra que, malia a xeneralización doutros medios de pagamento, o pagamento en efectivo segue sendo primordial nas zonas rurais.

#### **Concellos**

As entidades locais adheridas voluntariamente á iniciativa impulsada pola Xunta en colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e Abanca e nas que se instalaron estes caixeiros son: Toques, Lousame, Dodro, Santiso, Vilasantar, Vilarmaior, Aranga, Paderne, Monfero, Dumbría, Coirós, na provincia da Coruña; Ribeira de Piquín, Ribas de Sil, Samos e O Páramo, na de Lugo; A Arnoia, A Peroxa, A Teixeira, Baltar, Beade, Carballeda de Avia, Castrelo do Val, Cenlle, Chandrexa de Queixa, Larouco, Lobeira, Melón, Oímbra, Os Blancos, Petín, Piñor, Pontedeva, Porqueira, Punxín, Rairiz de Veiga, San Xoán de Río, Taboadela, Toen Moreiras, Vilar de Santos, Xunqueira de Ambía e Xunqueira de Espadanedo, na provincia de Ourense.

A Xunta fíxose cargo do financiamento da iniciativa, polo que os concellos acollidos a esta medida non tiveron que realizar ningunha achega económica e só tiveron que ceder e acondicionar os espazos necesarios para a instalación dos caixeiros e a prestación dos servizos de asesoramento financeiro e formación que tamén inclúen os acordos.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A EGAP CONVOCARÁ EN 2024 MÁIS DE 120 CURSOS E 2.000 HORAS DE FORMACIÓN PARA SEGUIR AVANZANDO CARA A UN SECTOR PÚBLICO ELECTRÓNICO**

En total ofertaranse preto de 5.800 prazas dirixidas á formación do persoal empregado público galego

O Consello da Xunta deu conta hoxe do informe sobre a formación da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) en e-Administración, ciberseguridade, competencias dixitais e intelixencia artificial para este ano 2024, coa finalidade de seguir avanzando cara a un sector público electrónico.

Neste marco, ao longo deste exercicio convocaranse un total de 123 cursos, que suporán máis de 2.000 horas de formación e un total de 5.765 prazas, dirixidas ao persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma, da Administración da xustiza e das entidades locais galegas, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, así como ao persoal de administración e servizos das universidades do Sistema universitario de Galicia.

Segundo o informe, esta oferta prográmase directamente desde a EGAP, e a través dos convenios asinados pola Escola e a Axencia para a Modernización, con formación en materia de administración electrónica e de seguridade e protección de datos, así como con actividades do Marco galego de competencia dixitais. Todo artellado a través de tres vías: actividades de formación continua, cursos superiores e xornadas de formación práctica dixital (e-martes).

A formación continua estará integrada por cursos que incidirán nas novidades normativas e tecnolóxicas máis recentes neste eido, e por actividades mediante as que se formará o persoal empregado público nas solucións informáticas creadas especificamente para a administración dixital.

Estes cursos abarcarán materias como a administración electrónica –con cursos sobre as plataformas tecnolóxicas propias da Xunta, como o sistema electrónico de facturación, o xestor de expedientes de contratación, o sistema de licitación electrónica ou a canle dixital do emprego público, a intelixencia artificial, a robotización, a seguridade e a protección de datos, o teletraballo ou a ofimática.

Así mesmo, e coa finalidade de ofrecer a determinados colectivos do sector público unha formación máis especializada, desde unha perspectiva técnica, xurídica e práctica-, ofertaranse, en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, tres cursos superiores sobre: administración electrónica, ciberseguridade e protección de datos.

Por último, as xornadas de formación práctica dixital e-martes, terán como finalidade formar dunha maneira práctica e dinámica sobre as materias, neste momento, máis relevantes para a Administración, ante os recentes cambios tecnolóxicos e normativos:



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

procedemento administrativo, administración electrónica, contratación pública e protección de datos.

Esta actividade configurarase como unha sesión formativa única de sete horas lectivas cunha breve introdución teórica, seguida dunha clase práctica que estará centrada no manexo de aplicacións.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA DESTACA QUE A XUNTA APOIA CINCO NOVOS PROXECTOS DE INFRAESTRUTURAS COMPARTIDAS E CENTROS DIXITAIS QUE SUMAN MÁIS DE 10 M€**

- Resalta que se trata de instalacións “con aparellos e tecnoloxía complexa” que estarán á disposición das pequenas empresas e autónomos de toda Galicia
- Isto permitiralles acceder a produtos e servizos avanzados a prezos competitivos
- Salienta que os novos centros estarán centrados na produción audiovisual, as tecnoloxías satelitais, os servizos avanzados de datos, a mellora da conectividade ou a produción, monitorización e análise de vídeo
- Na actualidade estanse a impulsar en Galicia sete centros de fabricación avanzada en sectores tan diversos como as TIC, o biotecnolóxico, a loxística, o turismo, o agroalimentario ou a saúde e deporte cun investimento total de 26,6 M€

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno autonómico vai apoiar o desenvolvemento de cinco novos proxectos de infraestruturas de uso aberto e compartido ao abeiro das liñas de axudas para Centros de Fabricación Avanzada e de Centros Dixitais. A previsión é investir 10 millóns de euros nestas instalacións, dos que a Xunta achega máis de 8 millóns, que estarán a disposición do tecido produtivo. O obxectivo é seguir impulsando a modernización e dixitalización da industria galega.

Tal e como explicou Rueda, trátase de instalacións con “aparellos e tecnoloxía complexa” que estarán instaladas nunha “empresa principal” pero a disposición dos pequenos e medianos empresarios de toda a comunidade. O obxectivo é achegar estes servizos e produtos aos autónomos e pemes a prezos competitivos. Servizos que, doutro xeito, “non poderían permitirse” o investimento que supón contar con eles na súa propia empresa de forma continuada.

Así, e a través de ambos programas, promoveranse actuacións en eidos diferentes como a produción audiovisual avanzada, as tecnoloxías satelitais, os servizos avanzados de datos, a mellora da conectividade ou a produción, monitorización e análise de vídeo.

No caso dos centros de fabricación avanzada, realizaranse tres novas iniciativas. A primeira deles céntrase na posta en marcha dun centro de produción audiovisual avanzada na Cidade das TIC da Coruña. “Un espazo que contará con dous novidosos estudos de rodaxe e servizos de última xeración”, á disposición da industria audiovisual galega, indicou Rueda.

O segundo dos proxectos propón a creación dun centro na área de Vigo en que se “realizarán probas de certificación e desenvolvemento de compoñentes de satélites nunha contorna similar á do espazo”, e con todas as medidas de seguridade necesarias. Deste xeito, ofreceranse dous servizos: a certificación de tecnoloxías satelitais e probas para o desenvolvemento de tecnoloxías de propulsión eléctricas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A terceira iniciativa configúrase como unha instalación complementaria ao Laboratorio de Intelixencia Artificial da Cidade das TIC, ofrecendo servizos de demostración, prototipado e lanzamento de proxectos para a implantación de produtos e servizos relacionados coa propia intelixencia artificial.

### **Centros dixitais**

Estas actuacións complementábase cos proxectos da liña de centros dixitais, no marco do programa do Fondo de Transición Xusta, e que presta especial atención á mellora da dixitalización do tecido empresarial e á modernización da industria galega a través da creación deste tipo de infraestruturas nos lugares identificados como zonas de transición xusta que, no caso de Galicia, se corresponde coa provincia da Coruña.

Neste eido, tal e como explicou o presidente, os novos proxectos permitirán, dun lado, a posta en marcha do primeiro punto neutro de conectividade en Galicia, que se localizará en Santiago, que mellorará a experiencia dixital en todo o territorio, impulsando a transformación da Comunidade con especial atención a tres ámbitos: mundo rural, sectores emerxentes e pemes; e doutro, a posta en marcha, na Cidade das TIC, dun centro dixital de monitorización, produción remota e análise de vídeo.

A finalidade destas dúas liñas é o desenvolvemento da contorna das empresas e os consumidores, a modernización e desenvolvemento da base industrial, e a mellora da dixitalización dos procesos empresariais. En definitiva, perséguese a promoción das infraestruturas axeitadas como factor determinante para mellorar a competitividade das pemes galegas, apostando por un modelo de crecemento intelixente, sustentable e innovador.

Neste sentido, cómpre lembrar que na actualidade estanse a impulsar en Galicia sete centros de fabricación avanzada en sectores tan diversos como as TIC, o turismo, a saúde, a loxística, o biotecnolóxico, a loxística, o agroalimentario ou o deporte. En total, suman investimentos por máis de 26,6 M€ cunha axuda de 18,6 M€.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### VIDRO, CERÁMICA, ALGAS, MADEIRA E PLÁSTICOS ENCABEZAN O LIXO QUE RETIRARON OS PROFESIONAIS DO MAR EN GALICIA

- Os 36 proxectos desenvolvidos nos últimos catro anos para a protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños permitiron extraer do litoral e da costa preto de 425 toneladas de residuos
- As 309 limpeza activas realizadas e as recollidas nas xornadas de traballo de pesca ou marisqueo involucraron a arredor de 1.200 persoas e a 145 embarcacións de confrarías de pescadores repartidos por toda Galicia

O sector marítimo-pesqueiro galego recolleu entre os anos 2020 e 2023 preto de 425 toneladas de lixo das costas galegas ao abeiro de 36 proxectos colectivos desenvolvidos no marco das convocatorias de axudas da Consellería do Mar para accións de protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños mediante a recollida de residuos. Estas accións involucraron arredor de 1.200 persoas e 145 embarcacións de confrarías e pescadores repartidas por toda Galicia e supuxeron un investimento público de máis de 1,6 millóns de euros.

Dentro das recollidas activas destacan, nun primeiro termo, os preto de 133.000 quilos de vidro e cerámica pois constitúen o 32 % do total, seguidos de produtos naturais (como algas, pólas ou paus de madeira, entre outros) con máis de 108.700 quilogramos, o 26 %; e case 87.000 quilos de plásticos; seguidos en menor medida de residuos de goma como os pneumáticos (8 %), metal (5 %), téxtiles varios (3 %) e outros materiais variados (5 %).

Ademais, dentro destas iniciativas desenvóléronse 169 accións para mellorar a concienciación ambiental, a formación e a colaboración entre os axentes implicados. Entre elas charlas e xornadas formativas, material divulgativo, obradoiros, reportaxes de vídeo e exposicións.

Na súa execución participaron confrarías de pescadores, organizacións de produtores pesqueiros e outras entidades asociativas do sector en Galicia como as ONG en alianza coas entidades do sector ou conxuntamente cos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP). Destas accións deuse conta hoxe no Consello da Xunta.

Dos 36 proxectos desenvolvidos, 32 consistiron na recollida activa de lixo por mariscadoras e mariscadores e embarcacións -con días de saída específica para retirar residuos de determinadas zonas- e os catro restantes de recollida pasiva, sacando do litoral os refugallo que chegan nos aparellos durante os traballos ordinarios de pesca ou de extracción de recursos marisqueiros.

En total nos últimos tres anos realizáronse 309 limpeza activas en que participaron máis de 705 persoas e 30 embarcacións, algunhas delas formando parte de accións desenvolvidas en distintos anos, totalizando case 414 toneladas. Da recollida pasiva

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

formaron parte preto de 470 profesionais do mar e arredor de 115 embarcacións, sumando algo máis de 10,2 toneladas máis á cifra global.

### **Implicación do sector**

As iniciativas desenvolvidas ao abeiro das axudas da Consellería do Mar son un exemplo do alto grao de implicación do sector na protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños, como demostra tamén o feito de que máis do 60 % dos plans de marisqueo xeral para o período 2021-2023 e preto do 70 % dos plans de xestión de recursos específicos de 2022-2024 inclúan accións de recollida de lixo mariño nos seus obxectivos ecolóxicos a tres anos.

Ademais, a cifra de proxectos aumenta progresivamente, o que demostra o interese e a implicación do sector nestas tarefas. De feito, no marco da primeira convocatoria destes apoios -do ano 2020- executáronse cinco proxectos e na última -a de 2023- executáronse doce, é dicir, máis do dobre.

Todas estas iniciativas enmárcanse no plan MarLimpo da Consellería do Mar, co que se pretende contribuír a acadar un ambiente costeiro e mariño limpo, saudable, produtivo e bioloxicamente diverso e unha redución da cantidade de residuos existentes nas zonas costeiras. A través del tamén se busca que os sectores pesqueiro e marisqueiro integren nas súas operativas boas prácticas que contribúan á protección do medio mariño.